

Operacións Vinculadas para ERD

Afecta Imposto de Sociedades(Artigo 18 LIS 27/14), IRPF(Artigo 41LIRPF) e IVA (Artigo 79.5 LIVA)

Persoas ou entidades vinculadas

A.- Unha entidade cos seus socios, partícipes,administradores(de dereito ou feito), Conselleiros que teñan un porcentaxe \geq 25%, ou con parentes ata o 3º grao, ou con outros socios,cargos e persoas doutras entidades que formen Grupo mercantil segundo articulo 42 C.º Com, aínda que teña establecementos permanentes no estranxeiro ou sexa non residente.

B.- Dúas entidades están vinculadas si pertencen o mesmo grupo mercantil, ou unha participa na outra cun 25% do capital ou en fondos propios, ou si as mesmos socios, partícipes, e persoas de dúas socios teñen o 25% de capital ou fondos propios das dúas entidades.

Operacións Vinculadas máis habituais das Pemesde Reducida Dimensión

- 1.-Transmisión de inmobles ou activos intánxibles
- 2.-Transmisión de negocios ou valores de participación en fondos propios.
- 3.-Operacións entre entidades e Contribuintes en Módulos do IRPF.
- 4.-Operacións entre Empresarios e profesionais persoas físicas cas entidades vinculadas
- 5.-Alugueres de inmobles
- 6.- Soldos de socios e cargos que non sexan pola relación mercantil.
- 7.- Intereses de préstamos ou créditos.

Como se debe de actuar nas operacións económicos de persoas ou entidade Vinculadas

A.- Detallar con claridade os conceptos das operacións indicando unidades de medida: Kilos, metros lineais,cadrados, cúbicos, horas,kilómetros..., prezos por unidade, importes totais máis tipos e cunatías impostos indirectos nas facturas e formasde cobro e pago, que recomendase que sempre sexa bancariaaínda que non $>$ os 2.500€.

B.- O Controvalor destas operacións sempre teñen que ser os de mercado, polo mesmo prezo que se realizaría a un terceiro non vinculado, e para o cal se debería ter unha referencia comparativa semellante segundo sexa a operacións vinculantes.

Documentos cos que debemos contar para acreditar as O.Vinculadas máis habituais

- 1.-Informe inmobiliario ou taxador ou operación semellante ou valoración da Xunta.
- 2.-Valorador ou taxador de empresas ou valoración empresas no I.P.ou Valor teórico.
- 3/4.-Operacións semellantes a terceiros/Cientes non vinculados con facturas onde se contemple os mesmos prezos por unidades e condicións.
- 5.-Informe de Inmobiliaria ou intermediarios de aluguer cos prezos mercado.
- 6.-Establecer soldos segundo Convenio que non superen excesivamente.
- 7.-Contar con Propostas de préstamos nas mesmas condicións: prazo,xuro e gastos.

OBRIGACIONES: Deberase informar ao Responsable Contable e Fiscal destas operacións para que se documenten correspondentemente e as que procedan se declaren no Imposto de Sociedades.

AB-2015